

Consciente da riqueza que aporta ao patrimonio cultural dun pobo os nomes dos seus lugares e núcleos de poboación, o Concello do Grove ven de inaugurar unha exposición de paneis informativos relacionados coa toponimia meca no local da ANPA do colexio Valle Inclán. A mostra, incluída no programa de actividades da Festa Marisco, poderá visitarse ata principios de decembro



A onomástica da terra

O traballo que a partir do pasado venres 6 e ata o vindeiro mes de decembro se amosa no local de actividades da ANPA do colexio público Valle Inclán do Grove foi levado a cabo durante os anos 2003 e o 2004 dentro do marco do Proxecto Toponimia de Galicia (PTG). Este proxecto, promovido pola Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia, naceu no ano

2000 ante a necesidade de salvar o patrimonio toponímico galego, un patrimonio en moitos casos esquecido ou en serio perigo de extinción que forma parte imprescindible da identidade cultural da nosa comunidade.

Este perigo despréndese da gran cantidade de topónimos, a maior parte deles microtopónimos (nomes de terras, montes, regatos,

cons...), que só teñen vida na fala ou na memoria de persoas de idade. De aí a necesidade de realizar un traballo científico exhaustivo que chegue ata o último rincón da xeografía galega. Por elo, desde o Concello do Grove solicítase a colaboración de toda a veciñanza, especialmente das persoas de máis idade, para levar adiante este importante proxecto.

proxecto toponimia de galicia

O Proxecto Toponimia de Galicia pretende recoller todos os nomes de lugar existentes no país, catalogalos, definir a súa ortografía e localizalos sobre o mapa para logo confeccionar unha base de datos que será útil e de referencia para os distintos eidos da investigación, así como para todas aquelas actividades relacionadas coa información e a identificación territorial. O PTG emprega unha nova tecnoloxía que permite o tratamento da toponimia nun SIG (Sistema de Información Xeográfica) facilitando a súa visualización en fotos aéreas. Este sistema poderá ser empregado polos visitantes á presente exposición de toponimia do Grove.